

## INSTRUCCIÓN DO 22 DE ABRIL DE 2020 DA VICERREITORÍA DE CAPTACIÓN DE ALUMNADO, ESTUDANTES E EXTENSIÓN UNIVERSITARIA, SOBRE AS NORMAS DE ACTUACIÓN NAS ACTIVIDADES DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA DO CURSO 2019/2020 COMO CONSECUENCIA DA SITUACIÓN DE CRISE SANTARIA OCACIONADA POLA COVID-19

Consonte o establecido na Resolución reitoral, do 13 de marzo de 2020, en que se acorda suspender temporalmente as actividades académicas presenciais na Universidade de Vigo, incluídas as actividades académicas de extensión universitaria, e á vista da instrución adoptada o día 6 de abril de 2020 pola Consellería de Educación da Xunta de Galicia de suspender a docencia física presencial nas universidades do SUG no presente curso académico, márcanse unhas liñas de actuación en canto ás repercusións deste escenario na docencia e na matrícula das actividades de extensión universitaria deste segundo cuadrimestre. Por mor do exposto, esta vicerreitoría dita a seguinte instrución:

### 1. Obxecto e ámbito

Suspéndense con carácter definitivo todas as actividades de extensión universitaria presenciais programadas para o segundo cuadrimestre. Poderán continuar de xeito non presencial ou virtual as actividades que optasen por se adaptar á devandita modalidade.

### 2. Actividades e servizos de deporte, benestar e saúde

2.1 Toda a actividade programada para o segundo cuadrimestre queda suspendida (actividades en salas de cardio-*fitness*, competicións internas, actividades dirixidas, rutas culturais, escolas deportivas, servizos de medicina e fisioterapia, programa Augaventura etc.).

2.2 A universidade devolverá a parte proporcional da cota aboada nos servizos e nas actividades que non fose posible desenvolver na súa totalidade por causa da covid-19.

### 3. Obradoiros. Procedemento

#### 3.1 Non iniciados

- Devolución completa do importe da matrícula a todas as persoas matriculadas.
- Non aboarlle ningún importe ao profesorado.

#### 3.2 Suspendidos

- Devolución completa do importe da matrícula a todas as persoas matriculadas, agás que a asistencia fose igual ou superior ao 85 % das actividades presenciais obrigatorias. Neste caso, non terían dereito á devolución da matrícula pero si a un diploma oficial acreditativo do obradoiro.
- Ao profesorado aboaráselle unha contía fixa correspondente a 1/3 do orzamento total do obradoiro (por deseñar o curso, autoría intelectual, prever obxectivos e contidos etc.) mais a parte proporcional ás horas de docencia impartida dos 2/3 restantes.



CSV : GEN-cb3b-a44a-06a8-8ff7-ace4-3fe1-50ce-b59c

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 22/04/2020 13:22 | NOTAS : F

### 3.3 Modalidade non presencial

- Continuar de forma habitual, do mesmo xeito ca en situacións normais. Isto significa que deberán cumprir o estipulado na convocatoria de obradoiros, especificando o detalle de como se procedeu na parte non presencial.
- No caso de que exista alumnado que non optase pola modalidade non presencial, terán dereito á devolución completa do importe da matrícula, agás que a asistencia fose igual ou superior ao 85% das actividades presenciais obrigatorias. Neste caso terán dereito a un diploma oficial acreditativo do obradoiro, pero non á devolución da matrícula.

## 4. Cursos e-destrezas. Procedemento

4.1 Nos cursos e-destrezas non iniciados non se lle aboará ningún importe ao profesorado do curso.

4.2 Nos cursos e-destrezas suspendidos aboaráselle ao profesorado unha contía proporcional ao total de horas impartidas. As persoas matriculadas terán dereito a un diploma oficial acreditativo do curso se asistiron polo menos ao 85 % das actividades presenciais obrigatorias.

4.3 Nos cursos e-destrezas que continúan en modalidade non presencial seguirase do mesmo xeito ca en situacións normais. Ao finalizar, deberán especificar o detalle de como se procedeu na parte non presencial. Os e as asistentes que no optasen por participar na modalidade non presencial, terán dereito a un diploma oficial acreditativo do curso se asistiron polo menos ao 85 % das actividades presenciais obrigatorias.

## 5. Programación cultural

Toda a programación cultural (programas, concertos, cine, teatro, exposicións...) para o segundo cuatrimestre queda suspendida. En función da evolución da actual situación, poderíase valorar a reprogramación total ou parcial dalgunha delas.

## 6. Convocatorias abertas

Dado que as convocatorias abertas están paralizadas (xa que os prazos para a súa tramitación están suspendidos) o cómputo dos prazos proseguirá e resolveranse no momento en que finalice o estado de alarma. Con todo, as persoas interesadas poderán propoñer datas alternativas, de ser o caso.

## 7. Devolucións

7.1 A devolución tramitarase a pedimento da persoa interesada.

7.2 A persoa matriculada deberá acceder a través da plataforma de inscrición <https://campusactivo.uvigo.gal/> para introducir o número de conta en que se fará efectiva a devolución.



CSV : GEN-cb3b-a44a-06a8-8ff7-ace4-3fe1-50ce-b59c

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 22/04/2020 13:22 | NOTAS : F

Edificio Miralles  
Campus universitario  
36310 Vigo  
España

Tel.: 986 813 586

[www.uvigo.gal](http://www.uvigo.gal)

[estudantes@uvigo.gal](mailto:estudantes@uvigo.gal)

7.3 As solicitudes de devolución presentadas dende a entrada en vigor desta instrución implicarán unha renuncia tácita á suspensión de prazos prevista no RD. 436/2020, ao amparo do establecido na RR do 27 de marzo sobre suspensión dos termos e dos prazos dos trámites nos procedementos administrativos da Universidade de Vigo durante o Estado de alarma.

Esta instrución entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación

O reitor,

Por delegación RR 01/12/2018 (DOG 07/12/2018)

A vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria

Natalia Caparrini Marín  
(asinado electronicamente)



**CSV : GEN-cb3b-a44a-06a8-8ff7-ace4-3fe1-50ce-b59c**

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 22/04/2020 13:22 | NOTAS : F